

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1 54494 (10/POC-008609)
 Grupo Parlamentario Mixto
 Casal Vidal, Francisco
 Sobre os estudos xurídicos e traballos administrativos que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia, en particular para garantir que a central das Conchas e as minicentraís pasen á xestión pública
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019

- 2 57265 (10/POC-008984)
 Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
 Chao Pérez, Luca
 Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

- 3 60512 (10/POC-009424)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
 Sobre os danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020

- 4 60558 (10/POC-009450)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
 Sobre o balance da actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico nos últimos dous anos desde a súa regulación
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020

- 5 60560 (10/POC-009452)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica aos núcleos de Felgasas e Porto no concello de Cerdido

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020

- 6 61070 (10/POC-009653)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación derivada dos cortes na subministración eléctrica provocados polos temporais ocorridos no mes de decembro e as medidas que vai adoptar respecto das empresas eléctricas que tardaron varias horas en restablecela e para minimizar as consecuencias dos danos sufridos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020

- 7 61147 (10/POC-009694)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta do primeiro e segundo Programa galego de muller e ciencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 590, do 15.01.2020

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	M
Luca Chao Pérez	GCE
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 54494(10/POC-008609)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre os estudos xurídicos e traballos administrativos que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia, en particular para garantir que a central das Conchas e as minicentraís pasen á xestión pública

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 6.^a**, relativa a desenvolver un estudo sobre os períodos de caducidade das concesións hidráulicas en Galicia.

Os encoros galegos con produción hidroeléctrica teñen unha potencia instalada que alcanza os 3.701 MW. Esta cifra sitúa a Galicia no 2º posto entre as CC.AA. e a súa potencia instalada representa o 21,7% de toda a península. A xeración hidráulica dos encoros varía segundo o ano hidrolóxico: nun bo ano como o 2016 alcanzou os 9.814 GWh (18% da xeración hidráulica total do Estado); baixando nun ano de seca como o 2017 aos 3.308 GWh.

Galicia conta co 5,4% da capacidade total peninsular de auga embalsada (2.534 Hm³), o que a sitúa na 6ª posición a nivel do Estado. O encoro máis antigo de Galicia data de 1949 (A central de As Conchas); a finalización da súa concesión se producirá en 2024. Outros 4 dos grandes encoros galegos produtores de enerxía eléctrica rematan a súa concesión na década dos anos 20. Na década dos anos 30 serán 9 as grandes centrais con concesión caducada.

En Galicia operan 2 demarcacións hidrográficas integramente no territorio do noso País: Galicia Costa (xestionada por Augas de Galicia) e Miño Sil (xestionada polo Estado) e dúas compartidas: Cantábrico e Douro.

A enorme importancia deste potencial de produción eléctrica para a Transición Enerxética Sustentable, coa máxima soberanía de Galicia, esixe ter a maior cantidade posible de información para poder desenvolver políticas e estratexias de futuro.





Unha información capital é o período de caducidade das concesións hidroeléctricas, para planificar con tempo suficiente as propostas de actuación desde Galicia e así evitar decisións do Estado claramente prexudiciais para o interese xeral de Galicia como a ampliación por 75 anos do período de concesión da Central de Os Peares ditaminada polo Goberno de Zapatero sen ningunha alegación nin oposición do Goberno da Xunta de Galicia. Sen esta ampliación Os Peares revertería ao público en 2030. 181 MW que poderían dar subministración a máis de 50.000 fogares.

Así mesmo habería que desenvolver argumentacións e ditames xurídicos para poder contrarrestar as esperables argucias xurídicas das compañías eléctricas para tentar manter as concesións mais alá do período máximo.

A este fin, O Grupo Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Está Xunta de Galicia desenvolvendo algún tipo de estudo xurídico en profundidade que concrete os períodos de caducidade das concesións de todos os encoros con produción eléctrica no territorio de Galicia, así como calquera condicionante que puidera afectalos?
- 2.- En concreto está a Xunta de Galicia poñendo en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que a central de As Conchas pase a xestión pública no ano 2024, é trasladar esta exixencia ao Goberno do Estado?
- 3.- Do mesmo xeito está a Xunta de Galicia poñendo en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que as minicentrais que xa se encontran en período de caducidade ou o farán nos próximos anos pasen a xestión pública?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:52:31
Nº Registro: 54494
Data envío: 29/08/2019 13:52:31.078

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 13:51:29

CSX_FEXYSTROWOwhpF4t9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 57265(10/POC-008984)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57265
Data envío: 09/10/2019 14:02:03.891

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.ª**, sobre a situación do sector naval en Vigo.

O pasado 25 de setembro, no debate sobre o estado da nación, o Sr. Presidente da Xunta de Galicia gabábase de que o sector naval galego “recuperou o liderado” e “ten hoxe a segunda maior carteira de pedidos de toda Europa”.

Esquecía, por suposto, a situación de Vulcano, de Barreras e da súa industria auxiliar. Primeiro foron os 69 despedimentos en Vulcano e o que sería o primeiro peche dun estaleiro en Vigo sen que o Goberno galego buscara inversor algún. Logo os impagos e precurso de Barreras que deixaron xa polo camiño 800 postos de traballo moi especializados e os que podan vir toda vez que a industria auxiliar xa está advertindo da súa incapacidade para recolocar a estas persoas.

Cómpre lembrar que falamos dun sector fundamental na nosa economía e particularmente no noso tecido industrial:

Un sector que xera máis de:

- 10.000 empregos industriais directos
- Outros 25.000 empregos indirectos
- Preto de 2.000 millóns de € anuais de facturación, que supoñen aproximadamente o 3,3% do PIB galego

Un sector de grande importancia estratéxica para Galicia pola súa capacidade

CSM-REXISTRO529G0mD5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57265
Data envío: 09/10/2019 14:02:03.891

tractora sobre outras actividades e servizos industriais, polo seu alto contido tecnolóxico, polo seu grao de internacionalización, o 90% da produción vai destinada a mercados exteriores e, sobre todo, pola súa importancia no emprego. Trátase dunha actividade totalmente integrada na nosa economía, coa práctica totalidade da cadea de valor ubicada en Galicia: servizos especializados, estruturas, sistemas de propulsión, electricidade, electrónica e automatización, equipamento e accesorios, habitación, etc., son algunhas das especialidades produtivas que contan con empresas galegas auxiliares, a inmensa maioría Pemes, e fortemente dependentes da construción naval.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

- Que valoración fai o Goberno galego da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 09/10/2019 13:49:12

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 60512(10/POC-009424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os danos causados polos temporais e ás
responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 12:52:55
Nº Rexistro: 60512
Data envío: 26/12/2019 12:52:55.229

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª** relativas aos danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

Os pasados 19, 20 e 21 de decembro do ano 2019 tivo lugar unha concatenación de temporais que tivo como resultado graves danos en estradas, infraestruturas e domicilios e bens particulares. Ademais, outra das consecuencias que tivo lugar foron importantes cortes de luz ao longo do territorio, que afectaron de forma especial ás comarcas abranguidas nas provincias de Ourense e Coruña ata o punto que pasadas máis de 24 horas numerosos fogares continuaban sen subministración.

Cómpre recordar que esta cuestión vén sendo reiterada cada inverno. En marzo do 2018 aconteceu unha situación similar e cómpre recordar especialmente o acontecido ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia cortes de subministración por máis de 24 e 72 horas. Daquela a Xunta de Galiza anunciou un expediente informativo ás empresas eléctricas do que nunca remitiu información, malia ser solicitada, a este Grupo Parlamentario.

Un ano máis estes feitos causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e

CSM-REXISTROBmyX5d079
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 12:52:55
Nº Rexistro: 60512
Data envío: 26/12/2019 12:52:55.229

equipamentos públicos. Esta situación, para alén do incontrolable da propia natureza, que ten a ver tamén coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica. Así mesmo, cómpre sinalar que desta volta nin sequera a atención ao cliente do principal operador de Galiza, Naturgy, tiña lugar desde Galiza por mor dos procesos de deslocalización da atención telefónica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado. Alén diso, é necesario facer as actuacións pertinentes para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir, para o que é necesario inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentraís, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custos ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Que valoración fai o goberno galego das consecuencias dos temporais de finais de 2019?
- Cales son os resultados do expediente informativo anunciado xa no ano 2017?

CSX4 REXISTROBmyXSd079
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 12:52:55
Nº Rexistro: 60512
Data envío: 26/12/2019 12:52:55.229

- Considera a Xunta de Galiza que é inevitable que cada ano milleiros de galegos e galegas boten máis de 24 horas sen subministración eléctrica?
- Ten realizado a Xunta de Galiza actuacións conducentes a instar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?
- Ten establecido ou vai establecer a Xunta de Galiza medidas sancionadoras ás empresas prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo?
- Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto dos danos causados polo temporal e as deficiencias da rede sobre a economía galega?
- E particularmente sobre o sector pesqueiro e marisqueiro?
- Ten recibido a Xunta de Galiza información por parte das empresas subministradoras de electricidade das causas na demora do restablecemento da electricidade?
- Que medidas correctoras exixiu ou vai exixir o goberno galego por parte das empresas subministradoras de electricidade?
- Ten orzado a Xunta de Galiza as axudas necesarias para particulares e empresas por causa do temporal? En que contías? Para que ámbitos?

Santiago de Compostela, 26 de decembro do 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSX4:REGISTROBNGMYXSd079
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 12:52:55
Nº Registro: 60512
Data envío: 26/12/2019 12:52:55.229

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/12/2019 12:47:39

Xosé Luis Bará Torres na data 26/12/2019 12:47:49

María Montserrat Prado Cores na data 26/12/2019 12:47:58

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2019 12:48:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/12/2019 12:48:20

Ana Pontón Mondelo na data 26/12/2019 12:48:36

CSV, REGISTRO BMY/XSd079
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 60558(10/POC-009450)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o balance da actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico nos últimos dous anos desde a súa regulación

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020

A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No ano 2107, entrou en vigor en Galicia a normativa que regula as vivendas de uso turístico. Un fenómeno que é tendencia a nivel global, que adoita xerar moito interese e que en Galicia logrouse regular con eficiencia e normalidade.

Isto esta permitindo que tantos as persoas que ofrecen estes servizos como as que os contratan poidan facelo con garantías e con total seguridade xurídica.

Unha normativa razoable, situada a medio camiño entre o deixar facer que algúns reclamaban e a prohibición total pola que apostaban outros.

Logo de dous ano da posta en marcha en Galicia desta regulación pódese xa facer un balance da actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico para analizar se esta nova actividade estase a desenvolver con normalidade; se está a permitir a convivencia con outros usos e actividade e se esta regulación está a ameazar o resto de tipoloxías de aloxamento turístico.

Por todo o anteriormente exposto os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance da actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico nestes 2 anos desde a súa regulación?
- 2.- Cal é o reparto da propiedade dos inmobles adicados a vivendas de uso turístico en Galicia?
- 3.- Cal foi a tarefa inspectora desenvolvida nesta nova tipoloxía de aloxamento turístico?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 60558
Data envío: 26/12/2019 14:00:00.011**

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/12/2019 13:56:37

Maria Antón Vilasánchez na data 26/12/2019 13:56:55

Moisés Blanco Paradelo na data 26/12/2019 13:57:09

Marta Novoa Iglesias na data 26/12/2019 13:57:23

Moisés Rodríguez Pérez na data 26/12/2019 13:57:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/12/2019 13:57:54

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/12/2019 13:58:16



CSV REXISTROmatX9ZT6

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 60560(10/POC-009452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica
aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A cobertura de redes de banda ancha de 100 Mbps en España alcanzou en xuño de 2018 o 80,9 % da poboación, o que supón cinco puntos máis en comparación co mesmo mes de 2017, pero Galicia sitúase como segunda comunidade con menor implantación, xa que unicamente alcanza o 61,5 %. Só Estremadura conta cunha porcentaxe máis baixa (55,6 %).

O pasado mes de xuño de 2018 por parte da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), coas actuacións postas en marcha por parte da Xunta de Galicia no marco do Plan de Banda Larga 2020 dotarase, neste ano 2019, de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido, o que suporá unha mellora tanxible nas conexións a Internet aos veciños.

As obras van con atraso sobre o previsto, pois en conversas do 23 de xaneiro, entre o concello e Amtega, desde Amtega dicían que a operadora Movistar lles dicía que estaría listo en setembro, a día de hoxe, 23 de outubro, aínda están traendo o cable desde Moeche e adaptando caixas en Felgosas, non así en Porto.

Ademais, Cerdido é un dos concellos españois elixidos pola Comisión Europea na primeira convocatoria da súa iniciativa Wifi4EU (Wifi para Europa), un programa comunitario de axudas para instalar puntos de wifi gratuítos nos espazos públicos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos do atraso nas obras de dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido?

2ª) Cal é o prazo previsto pola Xunta de Galicia para rematar a dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 60560
Data envío: 26/12/2019 14:00:36.168

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia seguir avanzando na extensión da banda ancha no concello de Cerdido, en caso afirmativo, cales son os prazos e os núcleos?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/12/2019 13:40:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/12/2019 13:41:08

CSX, REGISTRO/HZAdLAF7
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 61070(10/POC-009653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación derivada dos cortes na subministración eléctrica provocados polos temporais ocorridos no mes de decembro e as medidas que vai adoptar respecto das empresas eléctricas que tardaron varias horas en restablecelas e para minimizar as consecuencias dos danos sufridos

Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Nos últimos anos estamos a sufrir un importante número de temporais durante o outono e o inverno que están a provocar importantes danos, tanto en bens particulares como no patrimonio público. Os últimos episodios vivímolos os días 19, 20 e 21 de decembro de 2019, que tamén provocaron cortes no subministro eléctrico que, nalgúns casos, chegaron a superar as 24 horas.

Esta situación é debida, en parte, ás deficientes infraestruturas existentes da rede eléctrica no noso país, así como ás deficiencias no seu mantemento.

A maior parte do territorio que sufriu cortes no subministro eléctrico está cuberto pola empresa Naturgy, principal operador en Galicia, que se ten beneficiado da explotación dos nosos recursos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego desta situación?
- 2ª) Tense dirixido xa o Goberno galego ás empresas subministradoras de electricidade para coñecer as causas destas demoras no restablecemento do subministro eléctrico?
- 3ª) Que medidas vai tomar o Goberno galego respecto das empresas eléctricas que tardaron varias horas en restablecer o subministro eléctrico?
- 4ª) Vai o Goberno galego facer unha valoración dos danos ocasionados polos temporais e polos cortes de subministro eléctrico a particulares e administracións públicas?
- 5ª) Vai o Goberno galego habilitar liñas de axudas para minimizar as consecuencias dos danos sufridos?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 12:36:19
Nº Registro: 61070
Data envío: 08/01/2020 12:36:19.392

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2020 12:29:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/01/2020 12:29:23

CSV REGISTRO PGXNY08
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 61147(10/POC-009694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta do primeiro e segundo Programa galego de muller e ciencia

Publicación da iniciativa, 590, 15.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 10:46:42
Nº Rexistro: 61147
Data envío: 09/01/2020 10:46:42.333

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Na Galiza de 2018 continúa a ser unha tarefa pendente a de facer unha aposta seria e decidida desde os poderes públicos para favorecer a presenza e recoñecemento das mulleres nos ámbitos científico tecnolóxicos e da investigación.

Malia contar co histórico fito do desenvolvemento do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012, o goberno de Núñez Feijóo deixouno esmorecer desde a súa chegada a goberno. Tal e como se recolle na introdución daquel Plan, foi concibido para “dar a coñecer na súa xusta dimensión a situación actual respecto da desigualdade de trato e de recoñecemento das mulleres nas ciencias e nas tecnoloxías e, por outro lado, cara á posta en marcha de accións encamiñadas a conseguir unha maior presenza das mulleres nestes ámbitos en condicións de igualdade cos seus compañeiros varóns”.

Este Programa Galego de Muller e Ciencia tentaba contribuír a mudar determinadas formas de construír, crear e transmitir ciencia, así como de deseño de políticas científicas, de desenvolvemento tecnolóxico e de xestión da innovación. Porén, non se desenvolveu de forma suficiente para avanzar en revertir a situación de desvantaxe das mulleres en todos os tramos de facer científico e tecnolóxico e iso lastrou os avances no noso país. A día de hoxe, malia terse rematado o I Programa e terse coñecido, con anos de atraso, o II Programa Galego de Muller e Ciencia ao que se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 10:46:42
Nº Rexistro: 61147
Data envío: 09/01/2020 10:46:42.333

comprometera o goberno galego por iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, non consta unha avaliación específica da primeira edición.

A ausencia dunha avaliación rigorosa do I Plan é algo grave, pero é tamén grave a falta de cumprimento do II Programa e as lagoas canto á súa avaliación. Alén das cuestións da planificación deste II Programa coas que este Grupo e que dificultarán o seu éxito, máis aínda o vai dificultar a falta de rigor e seriedade na súa aplicación. Neste sentido, o II Programa indica “Elaboraranse dous informes: un informe de seguimento e outro de avaliación final” e sorprende que no ecuador da súa aplicación nada se saiba.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Ten feito o goberno galego algunha avaliación do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012? A través de que mecanismos e instrumentos? Coa participación de que colectivos? Con que data e conclusións? Cales son as razóns de que non sexan públicas?

-Ten feito o goberno galego informe de seguimento do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020?

-A través de que mecanismos e instrumentos fixo ou vai facer esa laboura? Coa participación de que colectivos? Con que data e conclusións? Tense debatido no seo da Unidade Muller e ciencia? Cales son as razóns de que non sexan públicas?

-Considera o goberno galego que está a cumprir co obxectivo de establecer medidas efectivas desde a Axencia de Innovación e outros organismos para eliminar os desequilibrios de xénero que poidan existir no relativo á formación científica?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 10:46:42
Nº Rexistro: 61147
Data envío: 09/01/2020 10:46:42.333



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-E no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i?

-E para situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva do xénero nun primeiro plano?

-Cal é o orzamento que ten empregado no último ano orzamentario? E no presente?

-Considera que o funcionamento da Unidade Muller e Ciencia é adecuado?

-Considera que a información que fornece está á altura do s.XXI?

-Considera o goberno galego que ten dinamizado de forma suficiente a Unidade?

-Como avalía o traballo no ámbito da mocidade? E a colaboración coas Universidades Galegas?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSX4_FIEYJSTFROX:vs1s:34BC9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 10:46:42
Nº Rexistro: 61147
Data envío: 09/01/2020 10:46:42.333

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 17:04:30

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 17:04:39

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 17:04:46

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 17:04:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 17:05:04

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 17:05:12

CSV REXISTROX: vs1s34BC9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

